

Reunido o día 19 de setembro de 2024, o Tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 21 de maio de 2024 para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (magnetosusceptibilidade e crioxenia), grupo II, pola quenda de promoción interna, da Universidade de Santiago de Compostela, de cara á realización do segundo exercicio (cuestionario tipo test), e segundo a disposición do anexo I da convocatoria:

*Segundo exercicio: obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 120 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao programa que se relaciona no anexo II. **O tempo para a súa realización será de 125 minutos e a súa valoración de 0 a 25 puntos.***

ACORDA publicar as seguintes **instrucións** e **criterios de corrección**:

1. A persoa aspirante deberá ir provista de documento fidedigno acreditativo da súa identidade e de lapis e goma de borrar.
2. Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
3. A folla de exame (formulario de respostas) é de uso xeral na Universidade. Neste exame só deberá marcar desde o número 1 ao 125, que se corresponden co número de preguntas do exercicio, máis cinco de reserva. As respostas que deberá marcar son as correspondentes ás letras A, B ou C, que son as tres opcións que figuran para cada unha das preguntas.
4. As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinala máis dunha resposta ou ben non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas entregada ao tribunal, non computan. As respostas incorrectas non computarán negativamente.

5. As preguntas de reserva, numeradas do 121 ao 125, entrarán por orde a substituír as preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre delas.

6. Rematado o exame, a persoa aspirante poderá levar o caderno de preguntas e a folla autocopiativa do formulario de respostas (con valor meramente informativo). O tribunal fará público un documento coas respostas correctas na páxina web das convocatorias de PAS da USC

Consonte coa base 6.7 da convocatoria, a persoa aspirante poderá, no prazo de **tres (3) días** hábiles contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, presentar **reclamacións ás preguntas** do correspondente exercicio.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O presidente do Tribunal
Jesús Manuel Mosqueira Rey

- Taboleiro electrónico da sede electrónica USC:
<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>
- Páxina web das convocatorias de PAS da USC:
<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JESUS MANUEL MOSQUEIRA REY, NIF ***9224**, 25/10/2024 08:57:30.

CSV: E4E5-7711-480C-ACB5